

LINGUA E LITERATURA

1 ESO

Agustín Fernández Paz
Ana Iglesias Álvarez
Anaír Rodríguez Rodríguez
Miguel Louzao Outeiro
Xabier Campos Villar
Xosé Manuel Moo Pedrosa

unidade_1

o_instituto



sumario

lectura e comentario	8
«O segredo», Elena Gallego Abad	
tipos de textos	12
Textos literarios e non literarios	
os nomes das cousas	14
O instituto	
lingua e sociedade	16
A diversidade lingüística no mundo	
a lingua por dentro	18
A comunicación e a intención comunicativa	
letras e signos	20
O alfabeto	
síntese	21
proba de avaliación	22

previo

- Gústache o teu instituto ou colexio? Que é o que máis e o que menos che gusta? Notas moita diferenza entre a educación primaria e a secundaria que estás a comezar agora?
- Cando che preguntan se les acotío, seguro que para contestar pensas só en se les literatura. Pero ao longo do día temos que ler moitos outros tipos de textos. Cales son os diferentes escritos que les durante un día normal?
- Cantas linguas cres que se falan no mundo? Pareceche que hai linguas máis necesarias ca outras?

O segredo

A sombra do dragón chegaba a todas as partes, aínda que Hadrián era o único que podía sentir a súa presenza. O poder de Dragal manifestaríase moi pronto, mais para aqueles que o ignoraban era un día máis, coma outro calquera.

5 Todos os alumnos da clase agardaban con expectación a chegada de dona Ermitas, coas cualificacións do exame de matemáticas. Sabían que, coma sempre, faría a entrada na aula logo de dous minutos de soar o timbre.

Nin un segundo antes nin despois.

A vella profesora chegou puntual, abrazando o seu cartafol no colo. Paseniño, colgou a chaqueta de la vermella no respaldo da cadeira e, logo de saudar aos presentes na aula, comezou a repartir as cualificacións polos pupitres.

—Antón... sen comentarios. Ímonos ver en setembro, e se cadra o ano que vén.

—Teresa... podías facelo moito mellor.

—Breixo... hai que usar o miolo para algo máis que levar gorra.

—Antía... sigue así. Un oito.

15 —Marta... nesta ocasión eu agardaba moito máis ca un aprobado xustíño.

—Miguel... ben, raspadiño, pero algo é algo.

Mentres a profesora seguía o seu percorrido entre as mesas, achegándose pouco a pouco ao fondo da clase, Hadrián ollou pola fiestra. A choiva petaba contra os cristais, pero o rapaz tiña a ollada posta máis alá, na fachada da vella igrexa de San Pedro.

20 Atopouno coma sempre, na cornixa, e sorriu cando o vello Dragal lle chiscou un ollo nun xesto de complicidade.

O resto dos alumnos, alleos aos movementos do dragón de pedra, permanecían en absoluto silencio, atentos a cada xesto da súa titora. E dona Ermitas, tamén ignorante do acontecido, seguiu repartindo exames ata chegar á altura de Hadrián.

25 Daquela, a profesora detivo os seus pasos e pousou o folio, esborrachado polas dúas caras coa característica escrita diminuta do rapaz, sobre a súa mesa. Na marxe superior, a carón dos datos do alumno, en vermello e resaltado nun gran círculo, destacaba un «10» que a Hadrián lle pareceu tan grande coma un mundo.

—Aínda non sei como o fixeches... pero estouche abraiada —díxolle.

30 A faciana do mozo iluminouse cun sorriso que lle chegaba de orella a orella. Un dez! Polo rabo do ollo puido ver como a silueta de Dragal se remexía na cornixa. Si, o dragón de pedra tiña a facultade de lerlle o pensamento e xa era sabedor da noticia.

Incapaz de centrar a súa atención na clase, ao soar o timbre Hadrián foi o primeiro en erguerse do asento para saír, mais non puido marchar da aula tan rápido como quixera. A profesora detívolle os pasos pousando unha man no seu ombreiro nun xesto que o rapaz non puido eludir.

35 —Agarda... quero falar contigo.

Elena Gallego Abad: *Dragal I. A herdanza do dragón*

Edicións Xerais de Galicia





Elena Gallego Abad (Teruel, 1969) é xornalista, cunha ampla traxectoria profesional nos medios de comunicación galegos, tanto na prensa escrita coma na radio. Recibiu o Premio Xosé Aurelio Carracedo de Xornalismo da Deputación Provincial de Ourense. Como narradora publicou Dragal I. A herdanza do dragón (2010) (novela finalista do Premio Fundación Caixa Galicia de Literatura Xuvenil 2009) e Dragal II. A metamorfose do dragón (2011).

Elena Gallego mantén o sitio web www.dragal.eu, onde insire noticias e comentarios sobre estas novelas.

Comprendemos

1. Completa esta ficha sobre o texto que acabas de ler:

Título: _____
 Nome da autora: _____
 Título do libro no que se publicou: _____

2. Coa axuda do dicionario, explica o significado que teñen estas palabras e expresións na lectura: *presenza* (l. 2), *expectación* (l. 4), *cartafol* (l. 8), *paseniño* (l. 8), *cadeira* (l. 9), *miolo* (l. 13), *cornixa* (l. 20), *abraiada* (l. 28), *de orella a orella* (l. 29), *polo rabo do ollo* (l. 29).

- Cando xa saibas o que significan, emprégaas en cadansúa oración.

3. Responde brevemente estas cuestións:

- En que lugar se desenvolve a historia?
- Con quen se comunica Hadrián?
- Quen é dona Ermitas?
- Por que estaban impacientes os alumnos e as alumnas?
- Que fixo Dragal ao coñecer a cualificación de Hadrián?
- Que se podía ver pola fiestra da aula?

4. Logo de responder as preguntas anteriores, fai un resumo onde recollas, de xeito ordenado, o contido esencial do texto.

Expresámonos

5. *Todos os alumnos da clase agardaban con expectación a chegada de dona Ermitas* (l. 4)

- Describe o que sentes cando estás a punto de recibir as cualificacións.

6. Como puidiches ler, na aula de Hadrián houbo cualificacións para todos os gustos.

- Agora que xa levas unha longa traxectoria no ensino cóntalles aos teus compañeiros de xeito oral cal foi a ocasión na que recibiches unha cualificación máis sorprendente, tanto no aspecto negativo coma no positivo.

7. A lectura remata de xeito intrigante. En seis liñas, escribe unha continuación para esta historia aclarando de que falan o protagonista e a súa profesora.

8. *Hadrián ollou pola fiestra. A choiva petaba contra os cristais, pero o rapaz tiña a ollada posta máis alá, na fachada da vella igrexa de San Pedro* (l. 18-19)

- Igual que fai Hadrián coa fiestra da súa aula, cóntanos brevemente o que ves pola fiestra do teu cuarto.

Ampliamos

9. No texto tes un nome de persoa que comeza por *h* (*Hadrián*) e outros nomes que comezan por vogal: *Antón*, *Antía*. Achega ti outros cinco exemplos de cada, con *h* inicial e con vogal inicial.

- Revisa as palabras da marxe e decide se lles falta algún *h* ou non.

10. A follas que tes abaixo contén unha mancha de adxectivos que lles acaen ben a personaxes e a elementos da lectura.

- Busca os dous adxectivos máis apropiados para cada substantivo:

Substantivos	Adxectivos
día	metódica
profesora	escuro
Hadrián	esborranchada
Dragal	contento
letra	diminuta
	chuvioso
	oculto
	cómplice
	puntual
	despistado

11. *Na marxe superior, a carón dos datos do alumno, en vermello e resaltado nun gran círculo, destacaba un «10» que a Hadrián lle pareceu grande coma un mundo* (l. 26-27)

Grande coma un mundo é unha esaxeración que recibe o nome de **hipérbole** cando se usa nun texto literario. Escribe ti cadansúa hipóbole para caracterizar algo que sexa:

pequeno		curto	
alto		fraco	
longo		gordo	

12. A historia desenvólvese nunha aula que pode ser semellante a unha do teu instituto. Recolle todas as palabras que aparezan na lectura que teñan que ver coa aula e cos estudos. Completa esa listaxe con outras oito palabras que ti coñezas.

Investigamos

13. O dragón é un ser fantástico e mitolóxico que só existe na imaxinación dalgúns pobos, dalgúns artistas e dalgúns escritores. Procura información sobre as súas características físicas (como era o seu corpo) e sobre as súas calidades (o que facía para ser tan temible). Se che gusta o tema dos seres mitolóxicos, atrevete a facer o mesmo con estes: serea, trasno, fada e unicornio. Pódeche ser útil botarlle unha ollada ao *Diccionario dos seres míticos galegos*.

ovo
amaca
baía
armonía
orta
ermida
aí
inchar

Imaxe do Diccionario dos seres míticos galegos.



Os textos

Un texto é un conxunto de enunciados que ten sentido completo e independente. Aínda que moitas veces non nos decatamos, os textos están moi presentes na nosa vida: a información do cartón do leite que tomamos pola mañá, a letra da nosa canción preferida, as instrucións da consola, o folleto de publicidade do supermercado, a listaxe da compra, os xornais, os libros, os exames, unha mensaxe de móbil, a conversa no chat de onte pola noite ou as normas de uso do pavillón son diferentes tipos de textos.

Textos literarios e non literarios

A gran variedade de tipos de textos permite que poidamos clasificalos de moitas formas: segundo o medio a través do que se transmiten, segundo sexan orais ou escritos, segundo a súa intención, segundo a súa forma etc. Nós clasificáremolos segundo sexan literarios ou non literarios.

Textos literarios Teñen unha intención estética, de procura da beleza. Os seus autores preocupáanse tanto pola forma coma polo contido, xa que son conscientes de que están a realizar unha obra de arte con palabras. As características máis recoñecibles son:



- **Desvío da lingua común:** tanto as palabras escollidas como a súa orde afástanse da lingua cotiá.
- **Uso connotativo da lingua:** as palabras teñen un significado subxectivo, afastado do significado obxectivo e convencional que teñen na lingua habitual.
- **Valor polisémico:** admite distintas interpretacións, dependendo do lector ou lectora.

Textos non literarios Teñen unha finalidade práctica, de utilidade. O que valoramos nestes textos é que acheguen uns contidos determinados aos nosos interlocutores con claridade e con axilidade. Hai distintos tipos de textos non literarios: informativos, xurídicos, administrativos, publicitarios, xornalísticos, científicos...

Os xéneros literarios

A clasificación básica dos xéneros literarios é a seguinte:

- **Xénero narrativo** Inclúe os textos nos que se conta unha historia a través dunha voz narradora. Hai uns personaxes e os feitos acontecen nun tempo e nun espazo determinados.
- **Xénero dramático** Acolle os textos nos que se conta unha historia a través do diálogo entre os personaxes, sen intervención da voz narradora. O seu obxectivo final é a representación nun escenario.
- **Xénero lírico** Contén textos, case sempre escritos en verso, nos que o ritmo, a subxectividade e o valor connotativo da lingua teñen moita relevancia.



Os textos non literarios achegan contidos con claridade e con axilidade.

Texto 1

Escena 1

Soa unha canción das que non pasan de moda. Escóitase ao lonxe, en malas condicións. Cando remata, comeza de novo.

ALBERTE: Non aturo que me fagan esperar escoitando isto. É para tolear de vez.

5 *Unha voz interrompe a música.*

CONTESTADOR: Está vostede chamando ao servizo de información.

ALBERTE: Xa sei a onde estou chamando.

CONTESTADOR: ... prema 1; para coñecer as nosas tarifas, prema 2; para...

ALBERTE: Quero falar cunha persoa!

10 CONTESTADOR: ... prema 3; para...

ALBERTE: Unha persoa de verdade!

CONTESTADOR: ... Se quere falar cun dos nosos operadores, permaneza á escoita...

ALBERTE: Operadora, a poder ser.

15 CONTESTADOR: Temos un novo servizo de perdas e roubos...

ALBERTE: Non me diga? Tamén prestan esa clase de servizos?

CONTESTADOR: ... inmediatamente.

ALBERTE: Pero se non coñecen o significado desa palabra.

CONTESTADOR: Para acceder a queixas e reclamacións.

20 ALBERTE: Non me tente.

CONTESTADOR: ... en horario de oito a catorce horas, de luns a venres...

ALBERTE: Nin sequera podes reclamar cando che apeteza.

CONTESTADOR: ... será atendido en breves momentos. Permaneza á escoita.

ALBERTE: Que relativa é a brevidade! Aínda ben que eu teño tempo, todo o tempo do mundo!

Paula Carballeira: *Servizo de Información*

Texto 2

Conto tráxico

Arrincárona da súa terra con armas afiadas e pola forza. Levárona onda moitas da súa caste e metéronas todas xuntas e apertadas nun sitio sucio e escuro.

5 Despois, collérona á parte, esfóllárona, cortárona en cachiños parellos e guindárona en aceite fervendo. Logo ciscáronlle sal por riba.

10 —Queres ketchup nas patacas?

Uxío Broullón

Texto 3

Por amor

Por amor nacín da terra.

Por amor son o que son.

Por amor canto o meu canto, por amor.

5 Por amor sángranme os pulsos e ábreseme o corazón.

Por amor dóenme os ollos.


Por amor, só por amor.

Daño Xohán Cabana: *Cantigas do setenta. A sede, a auga*

1. Cales cres que son as semellanzas e as diferenzas entre a literatura e outras manifestacións artísticas?
2. Collede na vosa casa tres textos diferentes e, por grupos, lédeos na aula e observade as características de cada un deles: intencionalidade, forma, contido etc.
3. O texto titulado «O segredo» (páx. 9) é literario? Por que?
4. Le os tres textos desta páxina e responde:
 - A que xénero pertence cada texto?
 - Que características formais nos permiten clasificalos nun ou noutro xénero?

O instituto

- 1. Aulas convencionais
- 2. Aulas con pantalla táctil
- 3. Aula de idiomas
- 4. Aulas de informática
- 5. Aula de desdobramentos
- 6. Biblioteca
- 7. Cafetaría
- 8. Titorías
- 9. Secretaría
- 10. Arquivo
- 11. Dirección
- 12. Xefatura de estudos
- 13. Laboratorio
- 14. Obradoiro de debuxo
- 15. Aula de audiovisuais
- 16. Aula de música
- 17. Aula de usos múltiples
- 18. Sala do profesorado



1º ESO
Mércores

08:45 - 09:35
Matemáticas (aula con pantalla táctil)

09:35 - 10:25
Música

10:45 - 11:35
Ciencias Naturais (práctica no laboratorio)

11:35 - 12:25
Lingua Galega (prácticas de oralidade)

12:25 - 12:45
Recreo

12:45 - 13:35
Debuxo

13:35 - 14:25
Titoría

1. Imaxina que este é o plano do teu instituto. Hoxe tes o horario que ves na marxe. Marca no plano onde cres que vas estar en cada momento.
2. Escribe a palabra correcta para cada unha das seguintes definicións:
 1. Grao de estudos que se obtén ao concluír o ensino secundario, previo aos estudos universitarios
▶ **B _ C H _ R _ L _ T _**
 2. Escrito que expón brevemente os puntos esenciais doutro texto máis extenso
▶ **R _ S _ M _**
 3. Notas que os alumnos e as alumnas toman nas aulas sobre as explicacións do profesor
▶ **_ P _ N T _ M _ N T _ S**
 4. Valoración que fan os profesores e profesoras do desenvolvemento escolar dos alumnos e das alumnas ▶ **_ V _ L _ _ C _ _ N**
 6. Nun exame, cualificación superior ao notable ▶ **S _ B R _ S _ L _ _ N T _**
 7. Cada unha das disciplinas que se ensinan nun centro docente ou forman un plan de estudos
▶ **M _ T _ R _ _**
 8. Profesor encargado de orientar o alumnado dun curso ou materia ▶ **T _ T _ R**
 9. Revisar os erros nos exames ou traballos do alumnado ▶ **C _ R R _ X _ R**

3. Nomea cada un dos elementos numerados na ilustración. Despois escribe no teu caderno os seus nomes.
4. Relaciona os antónimos das dúas columnas:

memorizar	ampliación
mellorar	ignorar
nugallán	maleducado
severo	traballador
saber	empeorar
escrito	esquecer
resumo	oral
educado	tolerante

Os **antónimos** son palabras con significados contrarios ou opostos. Poden ser termos totalmente diferentes (*aprobar - suspender*) ou poden crearse por medio de prefixos (*ordenado - desordenado*).

directora, subliñar, xiz, apuntamentos, profesorado, ordenar, ensinar, razoable, debuxar, secretario, estudoso, xefe de estudos, avaliar, pupitre, teimoso, soletrear, caderno, alumnado, ditar, ler, titora, nugallán, puntual, mestre, estudar, descoidado, conserxe, corrixir

5. Copia a seguinte táboa no teu caderno e agrupa as palabras do cadro nos campos semánticos indicados:

MATERIAL ESCOLAR	ACTITUDES	TAREFAS ESCOLARES	PERSOAS RELACIONADAS CO ENSINO
_____	_____	_____	_____
_____	_____	_____	_____

Unha lingua non é só un medio de comunicación, senón tamén o vehículo de expresión dun pobo, da súa identidade e da súa cultura.



Fonte: wikipedia.org

A diversidade lingüística no mundo

Sabías que no mundo se falan máis de 6 000 linguas? Esta gran diversidade lingüística constitúe unha riqueza que cómpre protexer e promover, do mesmo xeito que coidamos a preservación da diversidade de especies vexetais e animais.

1. Entre toda a clase elaborade unha listaxe con todas as linguas que coñezades. Cantas sodes quen de citar?

En familia

As linguas que proceden dun tronco común constitúen unha familia lingüística. O galego, coma o castelán, o francés, o portugués, o catalán etc., proceden do latín, polo que as denominamos linguas románicas. Estas, á súa vez, pertencen á familia indoeuropea, familia na que tamén se integran as linguas xermánicas, as célticas, as bálticas ou as eslavas, así como moitas das faladas en Asia.

Os lazos de parentesco facilitan a aprendizaxe entre linguas e mesmo permiten certo grao de intercomprensión, sobre todo entre aquelas que pertencen á mesma subfamilia.

2. Que linguas che parecen máis fáciles de aprender para un falante galego, o italiano, o inglés ou o chinés? Xustifica a resposta.

A maior parte dos individuos do mundo son **multilingües**, é dicir, falan dúas ou máis linguas. Reciben tamén o nome de **políglotas**. Na India, por exemplo, os nenos coñecen catro linguas: a súa primeira lingua, a lingua da rexión na que viven, o hindi e o inglés (estas dúas últimas, oficiais do Estado). Ademais, dependendo da zona na que vivan, poden falar tamén algunha ou algunhas linguas locais (carentes de funcións administrativas).

Todas iguais, todas diferentes

Todas as linguas humanas son distintas por natureza, pois cada comunidade tende a desenvolver o seu propio xeito de falar, único e exclusivo, que a identifica como tal e a diferencia doutras comunidades.

Pero ao mesmo tempo, todas as linguas humanas comparten unhas características comúns, pois calquera delas constitúe un código estruturado de acordo cunhas regras precisas, independentemente de que teña ou non literatura escrita, de que o seu léxico estea ou non recollido en dicionarios, de que se utilice ou non en ámbitos formais (ensino, televisión)... Todas elas cumpren a súa finalidade: ser vehículo de comunicación e de expresión da cultura dunha comunidade.

3. Por equipos, examínade o mapa das familias lingüísticas:


- Reparede na distribución das linguas xermánicas e das romances. Cales credes que son as causas que motivaron que estean estendidas por zonas do planeta tan afastadas entre si?
- Cales pensas que son os motivos que levaron a que hoxe en día a lingua internacional sexa o inglés?





A comunicación

Prodúcese un **acto de comunicación** cando hai un intercambio de información entre dúas ou máis persoas. En todo acto de comunicación interveñen os seguintes elementos:



1. Identifica os distintos elementos do proceso comunicativo nas situacións representadas nos debuxos da marxe.

Do texto á palabra

Un **texto** é un conxunto de enunciados que ten sentido completo, isto é, unha mensaxe mediante a cal un emisor lle expresa unha información a un receptor.

Os textos estrutúranse en **parágrafos**, que expresan ideas ou temas diferenciados e recoñécense porque van separados por punto e á parte.

Os parágrafos en que se estrutura un texto están formados por **oracións**, unidades cun verbo conxugado e con sentido completo que van separadas entre si por punto e seguido.

Internet é unha ferramenta case indispensable hoxe en día. Conscientes da súa importancia, moitas cidades en todo o mundo están realizando instalacións de redes wifi para que os cidadáns se poidan conectar, mesmo gratis, dende calquera zona da localidade.

5. Mentres se estende esta medida, e como as redes sen fío son cada vez máis numerosas, é moi útil dispoñer dun buscador de wifi, un pequeno aparello que atopa zonas de cobertura. Con este sensor sen fíos de Conceptronic pódense rastrexar redes sen cables, así como comprobar se son seguras e se están dispoñibles para acceder a elas antes de acender o ordenador portátil.

Revista R, nº 77

2. Le o texto anterior e di coas túas palabras que intenta comunicar a persoa que o emite.

- Cantos parágrafos forman este texto? Como diferencias cada un dos parágrafos?
- Cantas oracións hai en cada un dos parágrafos?

As oracións teñen no seu interior **frases**, unidades formadas por un conxunto de palabras que teñen significado pero que non teñen verbo. Poden desempeñar diferentes funcións dentro da oración.

A **palabra** é a unidade máis pequena mediante a que se expresa unha idea. Pode desempeñar distintas funcións dentro da frase e diferénciase na escrita porque vai separada das outras palabras por un espazo en branco.

A intención comunicativa

Un **enunciado** é calquera unidade lingüística que conteña unha mensaxe con sentido completo:

- Unha palabra: *Coidado!; Rebaixas...*
- Unha frase: *Última oportunidade...*
- Unha oración: *Circule con precaución; Hoxe teremos que ensaiar...*




Segundo a **intención comunicativa** que teña o emisor, os enunciados poden ser de varios tipos:

- **Enunciativos** O emisor transmite unha información sen opinar sobre ela: *Teño fame.*
- **Interrogativos** O emisor formula unha pregunta. Pode ser directa (*Tes fame?*) ou indirecta (*Preguntoume se tiña fame*).
- **Exclamativos** O emisor expresa emocións ou sentimentos: *Que fame tiña!*
- **Dubitativos** O emisor manifesta unha dúbida con respecto ao que di: *Poida que teñas fame.*
- **Desiderativos** Expresan o desexo do emisor: *Quen me dera poder comer algo.*
- **Exhortativos** O emisor manifesta un mandato: *Tes que comer algo.*

3. De que tipo son os seguintes enunciados? Se son de varios tipos a un tempo advírteos.

- *Oxalá coincidamos na festa de aniversario de Xiana!*
- *Levou un oito no exame.*
- *Non sei se poderei ir con vós ao cine.*
- *Cala dunha vez, lareta!*
- *Roi quería saber se imos comer con eles sábado.*



A palabra **texto** procede do latín TEXTU, que significa 'tecido'. Un texto é un tecido de palabras que se xuntan para formar frases. Estas, á súa vez, dan lugar ás oracións. As oracións son coma os fíos do tecido textual.

Ademais de **escritos**, os textos tamén poden ser **orais**, cando a mensaxe é transmitida mediante a fala.

O alfabeto

O **alfabeto** é o conxunto de letras dunha lingua. As letras son a representación gráfica dos sons que se emiten na fala. Algúns sons teñen que ser representados por dúas letras xuntas: chámanse **dígrafos**.

O alfabeto do galego consta de 23 letras: cinco vogais e dezaioito consoantes, ademais de seis dígrafos. Os nomes das letras son sempre masculinos: *o hache, o a, o que...*

O coñecemento e manexo da orde alfabética permite a busca de palabras con axilidade en dicionarios, enciclopedias, índices, guías de teléfonos etc.

LETRAS			
GRAFÍA	NOME	GRAFÍA	NOME
a	a	ñ	eñe
b	be	o	o
c	ce	p	pe
d	de	q	que
e	e	r	erre
f	efe	s	ese
g	gue	t	te
h	hache	u	u
i	i	v	uve
l	ele	x	xe
m	eme	z	zeta
n	ene		

DÍGRAFOS	
GRAFÍA	NOME
ch	ce hache
gu	gue u
ll	ele dobre
nh	ene hache
qu	que u
rr	erre dobre

As cinco vogais do alfabeto galego representan sete sons diferentes.

grafías	sons
a	[a]
e	[e]
	[ɛ]
i	[i]
o	[o]
	[ɔ]
u	[u]

- UN ALFABETO PARA A MIÑA VIDA.** Nunha folla, escribe as letras do alfabeto. Despois pensa nunha palabra que comece por cada letra (ou, nas máis dificultosas, que a conteña). Debes cumprir unha única condición: teñen que ser palabras que signifiquen algo especial para ti. Fíxate no seguinte exemplo:



Tipos de textos

- Un **texto** é un conxunto de enunciados que ten sentido completo e independente.
- Os **textos literarios** teñen unha intención estética, de procura da beleza. Os seus autores preocúpanse tanto pola forma coma polo contido. As características máis recoñecibles son: **desvío da lingua común** (tanto as palabras escollidas como a súa orde afástanse da lingua cotiá), **uso connotativo da lingua** (as palabras teñen un significado subxectivo, afastado do significado obxectivo e convencional que teñen na lingua habitual) e **valor polisémico** (admite distintas interpretacións, dependendo do lector ou lectora).
- Os **textos non literarios** teñen unha finalidade práctica, de utilidade. O que valoramos nestes textos é que acheguen uns contidos determinados aos nosos interlocutores con claridade e con axilidade.
- Os **xéneros literarios** son: o **narrativo** (textos nos que se conta unha historia a través dunha voz narradora, cuns personaxes e cuns feitos que acontecen nun tempo e nun espazo determinados); o **dramático** (textos para representar nun escenario nos que se conta unha historia a través do diálogo entre os personaxes); o **lírico** (textos, case sempre escritos en verso, nos que o ritmo, a subxectividade e o valor connotativo da lingua teñen moita relevancia).

Lingua e sociedade

- A gran **diversidade lingüística** existente no mundo é unha riqueza que cómpre protexer e promover, porque as linguas, ademais de seren un medio de comunicación, tamén son o vehículo de expresión dun pobo, da súa identidade e da súa cultura.
- A maior parte dos individuos do mundo falan dúas ou máis linguas, isto é, son **multilingües** ou **políglotas**.
- As linguas que proceden dun tronco común constitúen unha **familia lingüística**. O galego (coma o castelán, o francés, o portugués, o catalán etc.) procede do latín, e polo tanto é unha lingua románica. As linguas románicas, á súa vez, pertencen á familia indoeuropea, na que tamén se integran as linguas xermánicas, as célticas, as bálticas ou as eslavas, así como moitas das faladas en Asia.
- Os lazos de parentesco facilitan a aprendizaxe e mesmo permiten certo grao de **intercomprensión**, sobre todo entre aquelas linguas que pertencen á mesma subfamilia.
- Todas as linguas humanas son distintas por natureza, pois cada comunidade tende a desenvolver o seu propio xeito de falar, único e exclusivo. Así e todo, todas comparten **características comúns** (todas son un código estruturado de acordo cunhas regras precisas e cumpren a finalidade de ser vehículo de comunicación e de expresión da cultura dunha comunidade).

A lingua por dentro

- Prodúcese un **acto de comunicación** cando hai un intercambio de información entre dúas ou máis persoas. Na comunicación interveñen os seguintes elementos: emisor, receptor, mensaxe, código e canle.
- Un **texto** é unha mensaxe mediante a cal un emisor lle expresa unha información a un receptor. Os textos estrutúranse en **parágrafos**, que expresan ideas ou temas diferenciados, e os parágrafos están formados por **oracións**, unidades cun verbo conxugado e con sentido completo.
- Os textos poden ser escritos ou orais, cando a mensaxe é transmitida mediante a fala.
- As oracións teñen no seu interior **frases**, unidades formadas por un conxunto de **palabras** que teñen significado pero que non teñen verbo. A palabra é a unidade máis pequena mediante a que se expresa unha idea.
- Un **enunciado** é calquera unidade lingüística que conteña unha mensaxe con sentido completo. Segundo a **intención comunicativa** que teña o emisor, os enunciados poden ser de varios tipos:
 - **Enunciativos**: o emisor transmite unha información sen opinar sobre ela.
 - **Interrogativos**: o emisor formula unha pregunta.
 - **Exclamativos**: o emisor expresa emocións ou sentimentos.
 - **Dubitativos**: o emisor manifesta unha dúbida con respecto ao que di.
 - **Desiderativos**: expresan o desexo do emisor.
 - **Exhortativos**: o emisor manifesta un mandato.

Letras e signos

- O **alfabeto** é o conxunto de letras dunha lingua. As **letras** son a representación gráfica dos sons que se emiten na fala. Algúns sons teñen que ser representados por dúas letras xuntas: chámanse **dígrafos**.
- O alfabeto do galego consta de 23 letras: cinco vogais e dezaioito consoantes, ademais de seis dígrafos. Os nomes das letras son sempre masculinos.
- O coñecemento e manexo da **orde alfabética** permite a busca de palabras con axilidade en dicionarios, enciclopedias, índices, guías de teléfonos etc.

A unificación lingüística

Que importaba que calquera cidadán de Europa puidese recibir máis de catrocentas canles de televisión, se todas emitían as mesmas noticias e os programas eran semellantes? Non atopaba idéntica realidade en calquera das cidades que visitaba periodicamente?

Que quedaba da fascinante variedade de culturas que algún día caracterizara a humanidade? Ademais, tiña a sospeita de que había unha conexión entre a crecente uniformidade e o empobrecemento da lingua, aquel euroinglés que todos falaban e do que cada vez se facía un uso máis limitado. Foran un erro as Leis de Unificación Lingüística? No seu momento, aquel cambio parecera un avance xigantesco, a posibilidade de rematar cos atrancos que estaban a impedir a cohesión de Europa. A implantación do euroinglés fora imparabile e permitira acabar con aquela Babel que dificultaba a comunicación. Non obstante, cada vez que reflexionaba sobre o proceso, Sara non podía evitar a idea de que nel estaban as raíces daquela ausencia de novas ideas, daquela derrota do pensamento, da incapacidade de crear. Era un sarcasmo. Canto esforzo consumido durante máis de dúas décadas para educar a poboación na nova lingua, esquecendo a rémora da multiplicidade de idiomas. (...) Hoxe as antigas linguas europeas eran xa un vestixio histórico, e habían desaparecer a medida que se fosen consumindo as vellas xeracións.

No futuro só as coñecería unha minoría de persoas que, o mesmo ca ela agora, terían a responsabilidade de acceder a un legado cultural que quizais tamén acabase por non interesar a ninguén e se perdese para sempre. (...) Quizais a multiplicidade de linguas, aquela fascinante variedade de formas que as persoas foran creando para nomear o mundo, era unha riqueza que non soberan valorar. Non habería unha visión do mundo, pero si unha historia detrás de cada lingua, unha suma das vidas de tantos homes e mulleres que amaran e sufriran a través das súas palabras.

O centro do labirinto, Agustín Fernández Paz

1. Logo de ler o texto anterior, contesta por escrito:

- Que pensa Sara que sucedeu en Europa logo de implantar a Unificación Lingüística e de que todo o mundo pasase a falar euroinglés?
- Cres que é posible na realidade unha situación como a que se describe no texto de lectura? Por que?
- Que relación garda a tendencia á diversificación das linguas co mito dun idioma universal?

2. Que tipo de texto é o fragmento de lectura, literario ou non literario? A que xénero pertence?

- No texto fálase das *Leis de Unificación Lingüística* (l. 6). Unha lei é un texto literario ou non literario? Cales son as características dos textos non literarios?

3. De cantos parágrafos consta o texto de lectura? Cantas oracións contén o primeiro parágrafo? Xustifica a resposta.

4. Di de que tipo son os seguintes enunciados tirados do texto segundo a intención comunicativa.

- Foran un erro as *Leis de Unificación Lingüística*? (l. 6)
- Quizais a multiplicidade de linguas (...) era unha riqueza que non soberan valorar. (l. 14-15)
- Hoxe as antigas linguas europeas eran xa un vestixio histórico. (l. 11-12)
- Escribe un enunciado exclamativo, un desiderativo e un exhortativo.

5. ...máis de dúas décadas para educar a poboación na nova lingua (l. 10-11). *Educar* é un verbo relacionado co ensino e significa 'dar educación ou formación'.

- Escribe ti cada unha das seguintes palabras a carón de cadanseu significado:

xiz, subliñar, avaliar, ditar, titora, encerado, estoxo, taboleiro

- Profesora responsable da orientación dun alumno ou grupo de alumnos na súa educación: _____
- Dicir ou ler algo para que alguén o escriba: _____
- Facer unha liña horizontal por debaixo de algo escrito para chamar a atención sobre el: _____
- Cadro, de diferentes materiais, que se usa para escribir ou debuxar sobre el: _____
- Estimar os coñecementos, aptitudes e rendemento do alumnado: _____
- Táboa ou cadro de diferentes materiais en que se fixan avisos, noticias etc.: _____
- Arxila branca rica en calcio que se emprega preparada en barriñas para escribir en certas superficies: _____
- Caixa ou funda especialmente disposta para gardar ou protexer algunha cousa: _____

6. Soletrea estas palabras da lectura: *uso, humanidade, xigantesco, mulleres, unha, quizais*. Exemplo: *uso* ► *u, ese, o*.